



**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA**

**Memoria  
2004**

**Aprobada na Comisión da BUSC de 2 de xuño de 2005**

## ÍNDICE

Presentación.....	1
Presuposto.....	5
Persoal .....	9
Instalacións e equipamento .....	12
Desenvolvemento das coleccións.....	13
Base de datos bibliográfica.....	17
Servicios .....	18
Redes e cooperación .....	26
Anexo I estatístico	
Anexo II	

## PRESENTACIÓN

No ano 2004 son varias as actuacións a destacar no labor da Biblioteca Universitaria no senso da repercusión na súa traxectoria e nas novidades que aportan na mellora dos servizos ós seus usuarios:

- Implantación dos módulos de circulación, seriadas e Web Opac de Millenium coa impartición dos correspondentes cursos de formación para todos os traballadores implicados en cada módulo.
- Remate do proceso de avaliación da BUSC coa visita do Comité externo e a redacción do Informe final
- Redución dos títulos das publicacións periódicas pola Subcomisión delegada da Comisión da BUSC, explicada nos apartados de Presuposto e Desenvolvemento das Coleccións.
- Posta en marcha do novo web da BUSC, cumprindo coas especificacións do "Novo manual de imaxe corporativa da USC" e cunha versión adaptada para discapacitados visuais, que se explica máis amplamente no apartado Servizos.

### MILLENNIUM

No marco dos proxectos cooperativos desenvolvidos a través do Consorcio BUGalicia, a BUSC continuou durante 2004 o cambio do seu Sistema de Xestión Bibliotecaria Sabini polo Sistema Innopac/Millennium, adquirido polo Consorcio para as tres Universidades galegas. Neste ano implantáronse os novos módulos de circulación, seriadas e Web Opac.

O **módulo de circulación** comenza a funcionar o 23 de abril de 2004 e a súa implantación supuxo para a BUSC:

- A parametrización do módulo co fin de adaptalo á normativa de préstamo vixente na USC e ás características das coleccións que alberga a BUSC.
- A elaboración dun manual de procedemento de circulación que se incluíu na páxina web da BUSC como documento de traballo interno.
- A programación de cursos de formación para todo o persoal encargado do préstamo nos diferentes puntos de servizo da BUSC.

Para que a implantación do novo sistema non obrigara á interrupción do servizo de préstamo, e provocara as mínimas molestias aos usuarios, a BUSC decidiu traballar durante un tempo cos dous programas en paralelo. A devolución de obras prestadas, previa implantación do novo sistema, se levou a cabo co programa SABINI, e os novos préstamos fixéronse con Millennium. Posteriormente, procedeuse á Identificación de todas as operacións de préstamo que quedaran pendentes en SABINI para gravalas en Millennium.

O módulo de Circulación de Millennium incorpora milloras no servizo de préstamo, sendo as

máis salientables:

- Permite o envío por correo electrónico de todos os tipos de avisos de préstamo
- Permite realizar reservas de obras tanto dende mostrador como a través do web.
- Permite a renovación dos préstamos tanto dende mostrador como dende o web
- Permite enviar avisos previos de vencimento (Avisos de cortesía) que alertan aos usuarios de que o seu préstamo está proximo a vencer

A implantación do **módulo de Seriadadas**, levouse a cabo durante o mes de marzo de 2004 a través das seguintes fases:

- Preparación do perfil da carga dos rexistros bibliográficos e fondos de seriadadas do anterior sistema Sabini.
- Carga dos rexistros: en total se cargaron 26.117 rexistros bibliográficos e 34.209 rexistros de fondos de seriadadas.
- Formación dun equipo de traballo para a avaliación da carga e posterior formación do persoal que tiña que traballar neste módulo, formación que foi impartida a finais de mes.
- Dende finais deste mes estase xestionando con Millennium Seriadadas a recepción e a reclamación dos fascículos das seriadadas .
- Ademais, ó longo do ano e aproveitando as posibilidades que ten Millennium de facer cambios masivos sobre a base de datos a través de ficheiros de revisión, continuáronse facendo labores de depuración sobre os rexistros de seriadadas.

O 22 de abril de 2004 comezou a funcionar o **módulo Web Opac** que permite a consulta do catálogo da BUSC e levar a cabo operacións de préstamo polo que a súa posta en marcha e parametrización fíxose conxuntamente coa do módulo de circulación, e supuxo a creación de dous follas de estilo css específicas para Millennium, de 107 páxinas html e 275 imaxes.

A consulta no Web Opac abriuse inicialmente cos seguintes catálogos: Completo, Galicia e Revistas, e ao longo do ano incluíronse o de Teses, Biblioteca América, Fondo histórico e Novidades, proceso que se explica máis abaixo. Permite facer buscas simples ou avanzadas, contra o catálogo completo ou contra cada un dos catálogos.

A busca simple pode facerse por palabra clave, título, autor, tema, ISBN/ISSN, título de revista, título de colección e autor-título, e, no caso do catálogo de fondo histórico, ademais por lugar de impresión e procedencia.

A busca avanzada pode facerse ata por catro campos e permite a utilización dos operadores E, E NON e OU, e a limitación dos resultados por catálogo, ubicación, lingua, data, editorial e tipo de material, puidendo ordearse por data, título ou relevancia.

A través do Web Opac poden tamén gardarse os rexistros atopados nunha busca para a súa exportación nos seguintes formatos: presentación completa, presentación breve, Pro-Cite, End-Note e Formato MARC, mediante o envío dos rexistros a unha conta de correo electrónico, saída por pantalla ou gardandoos no disco local.

Este módulo, ao igual que a páxina web da BUSC, conta cunha versión en contraste negativo para discapacitados visuais que, debido ás características de Millennium, non é posible ofrecer enteiraamente en galego.

Ademais da implantación destes tres módulos continuaron os traballos noutros aspectos:

- **Autoridades:** nos meses de xaneiro e febreiro de 2004 cargáronse en Millennium os rexistros de autoridades procedentes do anterior sistema Sabini: nomes de autor persoal (452.376), nomes de entidades (483.520), nomes xeográficos (22.151), temas (150.272), títulos de congresos/conferencias (166.470) e títulos uniformes (76.130). Creouse un grupo de traballo formado por catalogadores de todos os centros para adaptar ditas autoridades (que estaban en formato IBERMARC) ao formato Marc 21: este traballo está centrado inicialmente nas autoridades de nome persoal citadas en fontes de referencia galegas.
- **Catálogos:** ademais dos catálogos iniciais cos que se abriu a consulta no WebOpac de Millennium (catálogo completo, catálogo Galicia, catálogo de revistas) configuráronse de cara a facilitar as buscas no WebOpac os seguintes:
  - Novidades no catálogo: formado por 17 ficheiros de revisión, un por centro, que se actualiza cada tres semanas e recolle as novas monografías catalogadas
  - Catálogo América, Catálogo de fondo histórico, Catálogo de Teses: a configuración destes catálogos supuxo a realización de cambios masivos sobre miles de rexistros para marcalos co código correspondente na cabeceira Millennium
- **Configuración de novos códigos** para a limitación de buscas no WebOpac: decidiuse marcar os distintos tipos de rexistros bibliográficos presentes no catálogo (rexistros de monografías, rexistros de publicacións seriadas, rexistros de analíticas de monografías e rexistros de analíticas de seriadas) con distintos códigos para permitir limitar a busca por libros, revistas, artigo libro e artigo revista. Neste caso tamén, os rexistros marcáronse mediante a realización de cambios masivos sobre ficheiros de revisión.

## AVALIACIÓN DA BUSC

No marco do II Plano de Calidade das Universidades e baixo o impulso do Vicerreitorado de Calidade e Planificación Estratéxica e a Xerencia da Universidade iniciábase en xuño de 2003 a avaliación da Biblioteca Universitaria como primeiro dos Servizos a avaliar dentro das unidades de administración e servizos da USC. Este proceso de avaliación continuou desenvolvéndose durante o ano 2004, no que rematou coa visita do Comité externo e a redacción do informe final.

No informe final de avaliación faise una detección dos principais puntos fortes e débiles e se propoñen as seguintes accións estratéxicas de mellora nos seguintes ámbitos:

- 1.- Servizos de bibliotecas e a súa integración no marco institucional
  - Elaboración dun Plan Estratéxico dos servizos bibliotecarios
  - Elaboración dun programa de formación de usuarios
  - Establecemento de políticas de xestión da colección
- 2.- Organización dos servizos bibliotecarios
  - Reorganización do organigrama da BUSC
  - Desenvolvemento dun sistema de comunicación formal
  - Definición, estandarización e documentación dos procesos
- 3.- Recursos
  - Deseño dun programa de formación continuado do persoal dos Servizos Bibliotecarios
  - Dotación de instalacións e equipamentos axeitados
- 4.- Resultados
  - Elaboración dun sistema de medición do grao de satisfacción dos usuarios.

No informe final se recolle tamén que “mentres se levaba a cabo o proceso de avaliación da

biblioteca, varias actuacións e documentos aprobados polos órganos de goberno da USC supoñen a aceptación e posta en marcha dalgunhas das accións de mellora contidas neste informe. Así no que respecta á integración da biblioteca coa institución, sinalar que a biblioteca está representada na Comisión do Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (PETIC) e que este plan conta cun apartado dedicado a bibliotecas e documentación no que se recollen as principais actuacións a desenvolver nos próximos anos na BUSC en relación coas TICS. A Programación plurianual 2004-2006 da USC perfila xa un modelo de biblioteca universitaria organizada por grandes áreas de coñecemento, na que se integren os fondos e recursos actualmente dispersos en bibliotecas de centro. Este mesmo documento prevé continua-lo programa de construción de bibliotecas interfacultativas, seguindo o modelo da Biblioteca Intercentros de Lugo e da Biblioteca Concepción Arenal. Así mesmo, o Consello de Goberno da USC presentou o Plan do persoal de administración e servizos 2003-2004 que presenta unha nova estrutura do organigrama da BUSC, orientada aos servizos e usuarios, incorporando especialistas temáticos e facilitando a incorporación dos actuais ATBs á nova escala de Auxiliares de Biblioteca (Grupo C)."

Por parte da Dirección da BUSC empezouse a estudar a forma máis axeitada de abordar a planificación e execución das accións de mellora indicadas no informe de avaliación.

## PRESUPOSTO

O presuposto da Biblioteca para o ano 2004 ascendeu a 2.903.600 €. Na táboa seguinte reflíctese a distribución por capítulos, e a relación porcentual respecto do ano 2002.

PRESUPOSTO DA BUSC 2004		%
		respecto a 2003
Capítulo 2	Aplicación 220	131.600 € -30,00%
Capítulo 6	Aplicación 627: Adquisición Libros	590.000 € -14,49%
	Aplicación 627: Adquisición Publicacións Periódicas	2.160.000 € 44,00%
	Aplicación 626	22.000 € -28,33%
Total		2.903.600 € 20,54%

Explicación á parte merece a Aplicación 627: Adquisición de publicacións periódicas. Ata a memoria do ano 2003, os gastos imputados a esta aplicación reflectían o custo da renovación para o ano seguinte, é dicir, no ano 2003 a cantidade de 2.359.975,86 € que aparece na memoria, correspondía á renovación das publicacións periódicas para o ano 2004, o que non se axustaba ao gasto real imputable ao exercicio económico de 2003, xa que parte da renovación págase no ano anterior e a outra parte no ano en curso.

A partir deste ano, e dado que a meirande parte do orzamento vaise pagar no ano en curso e non por anticipado, o gasto reflectido na memoria correspóndese co realmente gastado en 2004. Así, en 2004 gastáronse 1.633.337,86 € distribuídos do seguinte xeito:

- 1.155.155,68 corresponden ao 2º prazo da renovación das publicacións periódicas estranxeiras para 2004,
- 429.718,84 € ao 1º prazo da renovación das mesmas para 2005 (pagado no último trimestre de 2004),
- e 48.463,34 € ao gasto das revistas españolas pagado ao longo de 2004.

A gran diferenza entre os distintos prazos das revistas estranxeiras explicase porque a parte correspondente ao pago dos paquetes contratados polo Consorcio BuGalicia para 2005 (1.121.195,24 €) vaise pagar no primeiro trimestre deste ano.

Tamén hai que ter en conta o aforro que supuxo a contratación dos diferentes paquetes do Consorcio, pagados directamente aos editores, e a redución de subscricións levada a cabo durante 2004.

A distribución do gasto real en 2004 por bibliotecas é a seguinte:


<b>BCA</b>	<b>Españolas</b>	<b>2º 2004</b>	<b>1º 2005</b>	<b>total 2004</b>
B. Xeral	2,055.94 €	6,421.43 €	6,065.69 €	14,543.05 €
Bioloxía	243.77 €	71,073.99 €	34,144.39 €	105,462.15 €
Económicas	4,477.36 €	40,541.91 €	23,109.23 €	68,128.50 €
Concepción Arenal	17,886.05 €	40,046.98 €	37,873.90 €	95,806.93 €
Farmacia	1,385.28 €	135,609.53 €	31,707.76 €	168,702.57 €
Filoloxía	782.36 €	19,950.35 €	18,349.95 €	39,082.65 €
Fª, CC.Educ, Psicol.	3,862.77 €	64,381.48 €	37,379.96 €	105,624.21 €
Física-Optica	153.00 €	169,537.90 €	50,502.31 €	220,193.21 €
Xeogr.-Historia	2,079.64 €	19,645.55 €	17,255.10 €	38,980.30 €
Matemáticas	402.00 €	142,156.27 €	34,556.87 €	177,115.14 €
Medicina	0.00 €	169,407.16 €	56,408.07 €	225,815.23 €
Química-ETSE	273.49 €	174,443.96 €	33,737.77 €	208,455.22 €
Intercentros Lugo	11,571.40 €	83,668.35 €	37,279.58 €	132,519.33 €
CC. Comunicación	0.00 €	4,000.24 €	3,615.80 €	7,616.04 €
Observatorio	45.00 €	10,407.45 €	5,003.64 €	15,456.08 €
Maxisterio - Lugo	2,565.96 €	1,237.56 €	1,306.17 €	5,109.70 €
Enfermería	679.32 €	2,625.60 €	1,422.65 €	4,727.57 €
	<b>48,463.34 €</b>	<b>1,155,155.69 €</b>	<b>429,718.85 €</b>	<b>1,633,337.87 €</b>

Respecto da redución de subscricións mencionada, feita por indicación do Vicerreitorado de Investigación e Innovación, no cadro seguinte reflíctense as propostas e a redución final. A primeira proposta, aprobada maioritariamente pola Comisión da BUSC, non se levou a cabo porque posteriormente o mencionado Vicerreitorado, comunicou que non era necesaria unha redución tan cuantiosa. Aínda que na segunda proposta as cantidades a reducir por cada centro eran sensiblemente menores, algúns deles non fixeron a redución pola cantidade que se lles asignou. Pola contra, outros centros reduciron cantidades maiores cás asignadas o que permitiu acadar unha redución final significativa.

<b>Centro</b>	<b>1ª proposta aprobada pola Comisión BUSC</b>	<b>2ª proposta</b>	<b>Reducción final</b>
Química	41,891.38	29,323.97	28,888.74
Medicina	40,794.87	28,556.41	28,692.41
Física+Optica	40,689.09	28,482.36	28,886.78
Matemáticas	34,149.06	23,904.34	23,670.68
Farmacia	32,748.86	22,924.20	22,849.38
Bioloxía	9,948.94	6,964.26	7,032.05
Veterinaria	6,040.44	4,228.31	6,951.71
Económicas	5,886.18	4,120.33	4,133.27
Dereito	5,062.66	3,543.86	3,543.33
Psicoloxía	4,567.26	3,197.08	3,278.30
Filoloxía	2,014.27	1,409.99	1,407.89
Xeografía e Historia	1,942.92	1,360.04	1,661.60
CC Educación	1,852.98	1,297.09	1,561.97
Politécnica	1,622.51	1,135.76	3,964.92
Ciencias	1,620.02	1,134.01	1,628.27
Filosofía	1,218.41	852.89	1,083.44
Observatorio	1,042.99	730.09	1,747.04
Políticas	750.73	525.51	792.08
B. Xeral	680.93	476.65	1,185.93
CC Informacion	80.00	56.00	56.35
Enfermería	57.77	40.44	124.17
ICE	53.55	37.49	73.00
Humanidades	41.48	29.04	133.68
EXB - Lugo	25.67	17.97	30.19
Empresariais	18.31	12.82	50.71
RR. Laborais	7.75	5.43	
	<b>234,809.03</b>	<b>164,366.32</b>	<b>173,427.89</b>



No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos anos.



Como en anos anteriores os créditos ordinarios incrementáronse con diversas aportacións:

#### Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos

Axudas Infraestrutura Xunta de Galicia	59.778,85 €
Aportacións de Centros	48.831,55 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	198.024,11 €
Descontos en librerías	15.763,01 €
Total	322.397,52 €

#### Aportacións en equipamento e mantemento

Aportacións de Centros	36.633,69 €
Ingresos por servizos	64.040,05 €
Total	100.673,74 €

No apartado estatístico incluído ao final desta memoria pódense ver pormenorizadamente estas aportacións por centros.

Como tódolos anos, os centros e departamentos fixeron aportacións para adquisicións bibliográficas, As máis salientables reflíctense no seguinte cadro:

	<i>Departamentos</i>	<i>Centros</i>	<i>Total</i>
Económicas	9,776.91	3,385.43	13,162.34
Dereito	81,046.59	0.00	81,046.59
Filoloxía	58,437.83	33,000.00	91,437.83
Xeografía e Historia	18,876.30	1,200.00	20,076.30
Matemáticas	4,168.04	5,259.14	9,427.18

Nos presupostos para a adquisición de publicación unitarias (libros), volveron a producirse remanentes nalgúns centros. Aínda que ningún deles supón máis dun 10% do presuposto, que é a proporción establecida pola Xunta de Goberno, a proposta da Comisión de Biblioteca Universitaria, para que os remanentes se incorporen ao presuposto ordinario da BUSC do vindeiro ano, tres dos centros casi chegan ao 10%:

- Facultade de Ciencias, cun 9,72%
- Facultade de Veterinaria, cun 9,69%
- Facultade de Administración e Dirección de Empresas, cun 9,81%

A cantidade total adicada a mantemento foi de 213.565,84 €, e a dedicada a equipamento de 45.087,4 €. Con respecto a estes dous apartados, hai que destacar, un ano máis, que gracias aos ingresos por servizos (P.Interbibliotecario) se puido facer fronte aos gastos habituais.

## PERSOAL

A finais de 2004 a BUSC contaba co seguinte persoal:

<b>PERSOAL DA BUSC - ANO 2004</b>	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	15
Técnico de Documentación Informatizada (Lab. Gr. I)	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	55
Auxiliares Administrativos	7
Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	113
Porteiros Maiores	2
Auxiliares de Servicios. Área de Conserxería (Lab. Gr. V)	4
<b>TOTAL</b>	<b>197</b>

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2004 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

<b>BIBLIOTECA</b>	<b>Facultativos</b>	<b>Axudantes</b>	<b>Admin.</b>	<b>A.T.B</b>	<b>Sab/Dom/ nocturna</b>	<b>Conserxería</b>	<b>Tco. Doc.</b>	<b>TOTAL</b>
BUSC	5	1					1	7
B. Xeral	4	13	5	13	4	3		42
Bioloxía	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	1	4	1	6	4	2		18
Farmacía		2		4				6
Filoloxía	1	4		6	1			12
Filos., CC.Ed., Píscol.	1	6		7				14
Física e Óptica		2		4				6
Xeografía e Historia		4		6	1			11
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5				8
Química		2		6	1			9
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	6	1	11	7	1		27
Maxisterio		1		3				4
<b>TOTAIS</b>	<b>15</b>	<b>55</b>	<b>7</b>	<b>91</b>	<b>22</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>197</b>

No ano 2004 prestou servicio na BUSC 1 Técnico Especialista en Informática contratado en virtude dos programas I+D da Xunta de Galicia.

Canto da **formación do persoal** da Biblioteca en 2004 hai que distinguir diversas actuacións neste senso:

### **1. Formación obrigatoria:**

Desenvolvéronse os cursos seguintes:

- Curso de implantación do novo sistema de xestión da BUSC Innopac/Millennium, cada módulo do programa foi impartido polo grupo de formadores designados especificamente e que previamente tiñan recibido a formación pola parte da empresa Innovative. Participou nesta formación a totalidade da plantilla da BUSC según os módulos que cada un está a empregar no seu traballo.
- Curso Preparatorio para Acceso á Escala de Auxiliares de Arquivos Bibliotecas e Museos, Módulo de Informática, desenvolvido nos Campus de Santiago e Lugo. Participou neste Módulo a totalidade da plantilla de ATBs da BUSC.

### **2. Formación de asistencia voluntaria:**

#### ***Programa de Formación de PAS da USC:***

Dentro deste Programa a Biblioteca plantexou/participou nos cursos seguintes:

- Sistemas de Información en Bibliotecas. Campus de Santiago e Campus de Lugo
- Desenvolvemento de habilidades directivas: comunicación
- Xestión da Información electrónica (coedición do Servizo de PAS da Universidade e do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia)
- Introducción ao Posto de Traballo Bibliotecario

#### ***Cursos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias:***

- Metodoloxía para a realización de estudos métricos de información

Sesións de formación:

Ao longo do ano organizáronse sesións de formación das bases de datos contratadas, ben a través de BuGalicia, ben a través de Rebiun, as sesións celebradas foron as seguintes:

- Doc6: 10 de febreiro
- Science: 15 de marzo
- Wok: 22 de marzo
- Kluwer: 25 de marzo
- Sabi: 14 de abril
- Ebsco: 21 de de abril
- Elsevier: 27 de abril
- Springer: 9 de xuño

**Formación externa:**

A solicitude dos interesados e co informe favorable da Dirección da Biblioteca, a Xerencia da Universidade patrocinou os seguintes cursos:

- Asistencia de D.Xosé Ramón Lema Bendaña, Xefe do Negociado de Mantemento de Fondos da Biblioteca Xeral, ao Curso desenvolvido na Biblioteca François Mitterrand en Tolbiac, París, co título "Conduite d'un projet de conservation des collections de bibliothèques et archives", 27 de setembro ao 22 de outubro
- Matrícula de D.Paloma Castro Rey e D.José Manuel Facal no Master virtual da Universitat Pompeu Fabra " Documentación dixital", curso 2004-2005

Como requisito indispensable para a solicitude destes cursos pediuse aos interesados Memoria explicativa do interese para o seu traballo do Curso a desenvolver así como Memoria das accións a desenvolver cara ao resto da plantilla unha vez rematados os cursos.

No primeiro dos casos, o curso da Biblioteca Nacional Francesa, outro requisito indispensable foi ademais a aceptación previa de D. Xosé Ramón Lema como alumno xa que a Biblioteca francesa sufragaba unha parte dos custos xerados.

## INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Neste apartado hai que salientar dúas actuacións levadas a cabo durante o ano 2004:

Con motivo do comezo das obras da nova Facultade de Filosofía foi necesario reitrar todos os fondos da Biblioteca do ICE, que pasaron a reubicarse na Biblioteca Xeral (monografías) e na Biblioteca de Ciencias da Educación, Campus Sur (publicacións periódicas).

Tamén se levou a cabo unha remodelación da Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación, Campus Norte, reubicando os depósitos e a sala, que aumentou o número de postos de lectura.

Como xa se sinalaba no apartado de Presuposto, cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes do Préstamo interbibliotecario, puido facerse fronte á substitución dalgúns equipos de traballo obsoletos, avariados ou roubados.


## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓN S

No ano 2004 ingresaron na BUSC 28.460 títulos de monografías, un 2,58 % menos que en 2003.

Dos 28.460 títulos, 20.146 (4,36% menos que en 2003) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto). Por intercambios e doazóns ingresaron 8.314 títulos (2,01% máis que o ano anterior).

A distribución destes ingresos por bibliotecas pode verse na táboa e gráfico seguintes:


CENTRO	MONOGRAFÍAS			
	Compra	Intercambio	Doazón	TOTAL
B. Xeral	3,368	301	1,510	5,179
Bioloxía	233	154	185	572
Económicas	1,371	171	716	2,258
C.Arenal	2,830	292	686	3,808
Farmacia	197	5	103	305
Filoloxía	2,641	382	666	3,689
Fª, Cc. Educ. Psicol	2,608	128	600	3,336
Física Optica	417	51	37	505
Xeografía e Historia	1,698	341	587	2,626
Matemáticas	400	14	136	550
Medicina	332	39	63	434
Química	357	13	46	416
Intercentros	2,021	53	698	2,772
CC. da Información	1,273	22	219	1,514
Maxisterio - Lugo	166	-	53	219
Enfermería	208	3	29	240
Observatorio	26	6	5	37
<b>TOTAIS</b>	<b>20,146</b>	<b>1,975</b>	<b>6,339</b>	<b>28,460</b>



A distribución, durante 2004, das coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC, pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS					TOTAL Abertas Pechadas
	Pechadas Títulos pechados	Abertas			Total Abertas	
		Compra	Doazón	Interc.		
B. Xeral	9,933	95	528	176	799	10,732
Biología	780	113	47	149	309	1,089
Económicas	2,030	366	292	65	723	2,753
C.Arenal	2,192	719	474	114	1,307	3,499
Farmacía	1,244	160	60	56	276	1,520
Filoloxía	1,065	600	116	232	948	2,013
Fª, Cc. Educ. Psicol	1,037	448	132	229	809	1,846
Física Óptica	437	91	13	6	110	547
Xeografía e Historia	1,545	332	135	294	761	2,306
Matemáticas	234	255	25	38	318	552
Medicina	1,852	175	116	12	303	2,155
Química	606	118	24	10	152	758
Intercentros	1,090	286	85	85	456	1,546
CC. Información	298	71	243	11	325	623
Maxisterio - Lugo	118	76	43	9	128	246
Enfermería	58	16	6	-	22	80
Observatorio	322	18	15	-	33	355
<b>TOTAIS</b>	<b>24,841</b>	<b>3,939</b>	<b>2,354</b>	<b>1,486</b>	<b>7,779</b>	<b>32,620</b>





Como xa se explicaba no apartado de Presuposto, en 2004 se levou a cabo unha redución de subscricións de publicacións periódicas. A redución de títulos e o seu custo amosáñse en detalle no seguinte cadro:

<b>Centro</b>	<b>Redución €</b>	<b>Títulos</b>
Física+Óptica	28,886.78 €	24
Medicina	28,692.41 €	67
Química	25,785.68 €	20
Matemáticas	23,670.68 €	38
Farmacía	22,849.38 €	55
Biología	7,032.05 €	4
Veterinaria	6,951.71 €	4
Económicas	4,133.27 €	17
Politécnica	3,964.92 €	1
Dereito	3,543.33 €	14
Psicoloxía	3,278.30 €	2
ETSE	3,103.06 €	1
Observatorio	1,747.04 €	1
Xeografía e Historia	1,661.60 €	9
Ciencias	1,628.27 €	3
CC Educación	1,561.97 €	1
Filoxía	1,407.89 €	4
B. Xeral	1,185.93 €	1
Filosofía	1,083.44 €	2
Políticas	792.08 €	2
Humanidades	133.68 €	1
Enfermería	124.17 €	1
ICE	73.00 €	1
CC Información	56.35 €	1
Adm. Empresas	50.71 €	1
EXB - Lugo	30.19 €	1
RR. Laborais	0.00 €	0
	<b>173,427.90 €</b>	<b>276</b>

No referente á preservación e restauración, o recorte sufrido polo presuposto na Aplicación 220 non permitiu abordar a restauración de exemplares do fondo histórico coma se viña facendo nos anos anteriores, soamente se fixeron algunhas pequenas intervencións que non paga a pena salientar.

Co gallo da exposición sobre a Biblioteca América a Universidade abordou a restauración dalgún dos obxectos da dita biblioteca, tres mástiles de bandeiras, dous deles de prata, e trinta e tres medallas conmemorativas foron restaurados na prateria *Angel Plateros* a cargo do Vicerreitorado de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria.

Polas xestións do Vicerreitorado de Extensión Cultural con Editoriais productoras de fascímiles ingresaron na Biblioteca os seguintes:


- Castigos e documentos do Rei D.Sancho
- Códice dos Traxes ou Trachtenbuch
- Canon Medicinae de Avicena
- Milagres de Santiago
- Salvoconducto dos Reis Católicos para os peregríns
- Beato de Liébana. Códice do Mosteiro de San Pedro de Cardeña
- Atlas Miller
- Noticia da primeira viaxe ao redor do mundo
- Portolano de Juan Vespucci
- Atlas de Historia Natural de Felipe II ou Códice Pomar

## BASE DE DATOS BIBLIOGRÁFICA


A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra doazón ou intercambio, e das catalogacións que se fan sobre o fondo histórico da Biblioteca Xeral, do que a meirande parte está aínda sen automatizar.

Unha vez rematada a integración de rexistros da antiga base de datos de Sabini no novo sistema de xestión da Biblioteca, Innopac/Millennium, a composición da base de datos bibliográfica da BUSC queda reflectida nas táboas seguintes. O apartado estatístico, incluído ao final da Memoria, recolle os datos relativos ao número de títulos e volumes por centro.

### Monografías e catalogacións analíticas




### Catálogo de Publicacións Periódicas



## SERVIZOS


En 2004 continuou o funcionamento do servizo de bases de datos BUGalicia. Dado que non tódas as bases teñen unha interface web ou versión Internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas e consultables na Rede de CD-ROMs da BUSC. As estatísticas de uso destas bases, segundo os datos proporcionados polo Consorcio, e tendo en conta que unhas estatísticas están baseadas en sesións e outras en consultas contra ás bases de datos, ofrecen os seguintes resultados:



A comparación destas estatísticas coas das outras dúas universidades integrantes do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia queda como segue:


Coruña	5.848	[9.95%]
Santiago	39.330	[66.94%]
Vigo	13.568	[23.09%]
<b>Total</b>	<b>58.746</b>	

## ESTADÍSTICAS DE BASES DE DATOS 2004 - CONSULTAS



Coruña	81.597	[16.11%]
Santiago	291.206	[57.52%]
Vigo	133.454	[26.36%]
<b>Total</b>	<b>506.257</b>	

O uso das bases de datos da rede da BUSC amosan un total de 2.247 accesos, distribuídos como segue:



A través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, vense accedendo ao longo de todo o ano 2004 a unha selección de 102 libros electrónicos do servizo SAFARI. Os datos de uso deste servizo por parte dos usuarios da Universidade de Santiago ascenden a 3.469 consultas.

En 2004 a BUSC continuou ofertando o servizo **SwetsWise**, que permite o acceso a unha base de datos de sumarios de aproximadamente 19.281 títulos de revistas, e ao texto completo das revistas ás que a BUSC ten acceso, ben sexa gratuíto por estar subscrita a versión impresa, ben por ter subscrita a edición electrónica.

As estatísticas de uso de SwetsWise, para o ano 2004 ofrecen os seguintes resultados: sobre un total de 1.943 títulos diferentes consultados fixéronse 21.521 accesos aos sumarios, 649 consultas de abstracts e 6.119 accesos ao texto completo de artigos.

#### SwetsWise

Consultas	2000 xuño-dec.	2001 xan.-dec.	2002 xan.-out.	2003 xan.-dec.	2004 xan.-dec.
Sumarios	9.179	20.736	18.960	28.185	21.521
Abstracts	985	3.478	1.602	1.953	649
Texto completo	5.871	16.198	17.970	16.097	6.119
<b>TOTAL</b>	<b>16.035</b>	<b>40.412</b>	<b>38.532</b>	<b>46.235</b>	<b>28.289</b>


Canto do servizo de **Revistas electrónicas**, ao redor do 50% do presuposto de subscricións de revistas para 2004, adicouse á contratación, a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias, dos seguintes paquetes de revistas electrónicas a texto completo: Elsevier, Springer, Wiley, Kluwer, JSTOR e IEEE, Nature e Science.

Segundo as estatísticas proporcionadas polos editores e o Consorcio, e aínda que non se posúen de todos os títulos, a BUSC tivo acceso durante 2004 a 9.563 títulos diferentes a texto completo. Non se inclúen nesta cifra os 1.609 Standards nin os 7.293 Proceedings do IEEE, pero si as revistas da BUSC que non aparecen en ningún paquete dos mencionados e as incluídas nas bases de datos a texto completo (Business Source Premier e Periodical Contents Index). Das revistas exclusivamente da BUSC soamente se posúen estatísticas daquelas ofertadas a través do servizo SwetsWise.

REVISTAS ELECTRÓNICAS A TEXTO COMPLETO	
ANO	TOTAL TÍT. TEXTO COMPLETO
1998	234
1999	408
2000	926
2001	1.195
2002	1.401
2003	1.926
2004	9.563

Dos 9.273 títulos dos que se posúen estatísticas fixéronse un total de 193.803 descargas de artigos a texto completo:

<b>Total de títulos diferentes a texto completo</b>	<b>9,563</b>
BUSC (sen estatísticas)	290
Paquetes	9,273
Tits. que aparecen en máis dun paquete	2,369



Estatísticas máis detalladas coas revistas máis utilizadas poden verse no Anexo II, Táboa I.

En 2004, e baseado en SwetsWise, continuou funcionando o **boletín electrónico de sumarios**, permitindo envía-los sumarios ao buzón de correo electrónico dos usuarios. Durante este ano había 1.214 subscricións de sumarios, a 932 títulos diferentes e por parte de 158 usuarios diferentes. No Anexo II, Táboa II, se inclúe o listado dos sumarios máis demandados polos usuarios da BUSC.

O 22 de abril de 2004, coincidindo coa posta en marcha do módulo de circulación de Innopac/Millennium, púxose en marcha tamén o **módulo Web Opac** que permite a consulta en liña do catálogo da BUSC a través da páxina web, facer préstamos, renovacións e reservas. Ademais do catálogo completo, o Web Opac abriuse cos subcatálogos Galicia e Revistas. Ao mesmo tempo levouse a cabo unha **remodelación da páxina web** para adaptala ao novo Manual de Imaxe da USC. O día 1 de outubro, quedou rematada esta remodelación coa posta en marcha, ademais, dunha versión do web para discapacitados visuais en contraste negativo. A páxina web da BUSC cumpre, a partir dese momento, coas especificacións de páxinas web accesibles para persoas con discapacidades (Test de Accesibilidade Web – TAW) e conta cunha folla de estilos CSS que segue as especificacións do “Consortio WWW” (W3C css).

O **contador da páxina Web da BUSC**, amosa que no ano 2004 houbo un total de 555.415 visitas (30,85% máis que o ano anterior). Na táboa seguinte poden verse os primeiros países de onde proceden a maioría das visitas. O sistema de estatísticas non permite separar por anos as visitas de cada país polo que se amosan sobre o total das visitas dende que se abriu o contador da páxina.

<i>Pais de procedencia</i>		
1	España	1,276,878 97.20%
2	Portugal	6,660 0.50%
3	Estados Unidos	4,600 0.40%
4	México	2,301 0.20%
5	Italia	1,813 0.10%
6	Reino Unido	1,776 0.10%
7	Argentina	1,530 0.10%
8	Alemania	1,418 0.10%
9	Francia	1,306 0.10%
10	Brasil	1,286 0.10%
11	Chile	1,005 0.10%
12	Perú	727 0.10%
13	Venezuela	699 0.10%
14	Colombia	617 0.00%
15	Canadá	472 0.00%
16	Países Baixos	468 0.00%
17	Bélgica	432 0.00%
18	Dinamarca	384 0.00%
19	Uruguay	352 0.00%
20	Suíza	313 0.00%
21	Red	298 0.00%
22	Polonia	263 0.00%
23	Bolivia	220 0.00%
24	Suecia	171 0.00%
25	Irlanda	170 0.00%
26	Austria	147 0.00%
27	República Dominicana	126 0.00%
28	Costa Rica	122 0.00%
29	Noruega	117 0.00%
30	Xapón	112 0



O servizo de **préstamo a domicilio** serviu 386.296 volumes de monografías. Esta cifra supón unha baixa do 2,13% respecto de 2003. No seguinte cadro pode verse a evolución 1998-2003 por Biblioteca.

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
B.Xeral	57,638	48,615	53,467	50,478	38,943	35,427	35,706
Bioloxía	22,075	18,283	20,001	18,446	16,476	16,250	15,852
Económicas	35,893	28,641	34,155	25,686	23,754	21,207	21,822
Der., Pol., R. Lab.	32,752	31,536	16,084	22,080	22,281	29,329	33,544
Farmacía	8,869	8,238	9,965	8,999	8,820	7,958	8,369
Filoloxía	57,548	45,706	55,949	47,554	44,239	44,111	43,096
Fil., CC. Ed., Psi.	59,454	51,389	62,594	58,834	55,326	61,910	51,576
Física e Óptica	20,546	16,702	18,338	18,929	13,933	13,097	13,327
Xeografía e H <sup>a</sup>	44,775	37,937	42,289	37,626	34,739	32,546	33,975
Matemáticas	17,063	12,315	13,612	11,681	10,837	10,154	11,089
Medicina	11,641	11,125	17,445	19,785	17,845	18,023	17,308
Química	15,384	12,710	15,879	16,944	17,262	15,271	14,599
Xornalismo	0	0	8,551	15,012	17,407	19,334	18,346
Enfermería	4,484	3,327	3,811	3,770	4,446	4,009	4,527
ICE	1,987	1,398	1,116	1,205	716	780	442
Intercentros Lugo	70,977	65,808	80,535	72,861	60,260	54,050	52,700
Maxisterio Lugo	6,063	5,543	7,313	7,770	10,325	11,280	10,018
	<b>467,149</b>	<b>399,273</b>	<b>461,104</b>	<b>437,660</b>	<b>397,609</b>	<b>394,736</b>	<b>386,296</b>

Igual que en anos anteriores, do **Servizo de Consulta en Sala** só se posúen datos sobre fondos en acceso pechado xa que das instalacións en acceso directo non é posible obter información sobre o número real de consultas en sala.

En total en 2004 servíronse 74.805 documentos, dos que 53.873 corresponden a libros, 18.024 a publicacións periódicas e 2.908 a outros tipos de material.

Tódalas bibliotecas prestan diversos **servizos de información bibliográfica**, aínda que a maioría non están en disposición de levar un control estatístico dos mesmos. Os datos das que sí contabilizaron este servizo durante 2004 son os seguintes:

- Biblioteca de Química: 221 consultas demandadas e 193 resoltas.
- Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo: 1.324 consultas demandas e 1.230 resoltas
- Biblioteca de Xornalismo: 69 consultas demandadas e 65 resoltas
- Biblioteca de Maxisterio: 35 consultas demandadas e resoltas
- Biblioteca de Xeografía e Historia: 360 consultas demandadas e 338 resoltas.

Canto da **formación de usuarios**, unha das "debilidades" detectadas na avaliación da BUSC e da que o persoal ven sendo plenamente consciente dende hai tempo é a da falla dunha planificación regulamentada neste aspecto. Este é un tema sobre o que a Biblioteca se propón traballar tanto dende o punto de vista do desenvolvemento dunha plataforma virtual de formación que poida ser común a todos os puntos de servizo como dende a perspectiva da formación presencial.

Á marxe desta actuación, en todos os puntos de servizo da BUSC impártense ao comezo do curso charlas sobre a Biblioteca así como, ao longo do ano, formación á carta según demanda.

O persoal de dúas das bibliotecas participa nos cursos impartidos nos seus centros respectivos, trátase do persoal da Biblioteca Intercentros de Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación que colabora e imparte cursos de iniciación dentro da asignatura de Historia da Psicoloxía, e de Dña. Carmen Varela Prado, Directora da Biblioteca de Maxisterio do Campus de Lugo que colabora no curso Formación en TIC para o uso/xestión da Información do Departamento de Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais.

Polo que se refire ao **servizo de Préstamo Interbibliotecario**, ao longo do ano realizáronse 14.794 transaccións de solicitudes de documentos, o que supón unha diminución do 18,66 % respecto de 2003. A demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras Bibliotecas, fundamentalmente Bibliotecas Rebiun, diminuíu nun 11,47 % : 8.592 documentos. O número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras Bibliotecas tamén diminuíu: 6.202 documentos (26,89 % menos que no ano 2003).

Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2004:

Documentos obtidos de centros externos			
	copias	préstamos	TOTAIS
Solicitudes recibidas	5.537	665	6.202
Solicitudes non cursadas ou canceladas	470	21	491
Documentos solicitados	5.450	658	6.108
Documentos obtidos	4.722	603	5.325
Documentos non obtidos	214	26	240
Solicitudes en trámite	131	15	146

As solicitudes non cursadas ou canceladas non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ao estranxeiro, ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos.

Documentos servidos a centros externos			
	copias	préstamos	TOTAIS
Documentos solicitados	6.954	1.638	8.592
Documentos subministrados	6.144	1.394	7.538
Documentos non subministrados	787	234	1.021
Solicitudes canceladas	7	9	16
Solicitudes en trámite	16	1	17

Os documentos non subministrados corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

*Ubicación das coleccións demandadas*

Documentos subministrados por Bibliotecas da USC				
	Centros externos	Usuarios da USC	Universidade de Vigo	Totais
B. Xeral	648			648
Bioloxía	481	308	34	823
CC. Económicas	331	825	9	1.165
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	498	39	9	546
Farmacía	846	-	70	916
Filoloxía	853	124	10	987
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	633	536	15	1.184
Física e Óptica	197	25	14	236
Xeografía e Historia	321	81	16	418
Matemáticas	386	5	3	394
Medicina	962	-	23	985
Química	987	324	91	1.402
Xornalismo	24	2	-	26
B. Intercentros Lugo	285	124	42	451
Maxisterio	24	-	-	24
<b>TOTAIS</b>	<b>7.538</b>	<b>2.393</b>	<b>336</b>	<b>6.458</b>

*Procedencia das solicitudes dos usuarios da USC*

Documentos solicitados por usuarios da USC	
B. Xeral	360
Bioloxía	107
CC. Económicas	143
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	73
Farmacía	348
Filoloxía	309
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	475
Física e Óptica	144
Xeografía e Historia	199
Matemáticas	37
Medicina	1.745
Química	187
ETSE	11
Xornalismo	11
B. Intercentros Lugo	786
Maxisterio - Lugo	13
Enfermería	19
Institutos de investigación	180
<b>TOTAIS USC</b>	<b>5.147</b>

## REDES E COOPERACIÓN

A colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, BuGalicia continuou ao longo de 2004. As negociacións cos grupos de editores das revistas de interese para as tres universidades levadas a cabo durante 2003, concretáronse no acceso aos paquetes de revistas seguintes:

<i>Paquete</i>	<i>Titulos</i>
BSP	5,998
Elsevier	2,013
JSTOR	371
Kluwer	495
Nature	1
Nature Publ.	60
PCI	353
Science	1
Springer	510
SwetsWise	2,115
Wiley	552
	12,469

O total de títulos non se corresponde con títulos únicos (9.273) xa que 2.369 aparecen en máis dun paquete. Periodical Contents Index (PCI) e Business Source Premier (BSP) son en realidade bases de datos de revistas a texto completo.

Durante 2004 iniciáronse tamén negociacións coa American Chemical Society (ACS) e Blackwell para adquisición dos seus paquetes de revistas que estarían a disposición dos usuarios no 2005.

Ademáis leváronse a cabo reunións entre os representantes das tres universidades e o Consorcio para a adquisición dun xestor de recursos electrónicos que permita abordar a xestión, actualización e mantemento da enorme cantidade de información electrónica que se posúe nestes momentos.

En xaneiro de 2004, a FECYT subscribiu a licenza nacional para o acceso ao WoK (Web of Knowledge), que no caso das tres Universidades galegas está xestionado polo Consorcio.

Como membro de Rebiun a Biblioteca continuou a súa cooperación co Grupo de Traballo de Patrimonio, do que forma parte.

As Exposicións coas que a Biblioteca colaborou en 2004 foron as seguintes:


- Cátedra Alejo Carpentier: exposición "Cuba na Biblioteca América": Biblioteca Universitaria, Biblioteca América, febreiro
- Pioneros del Trabajo Social: una apuesta por descubrirlos. Universidad de Huelva, abril - mayo
- A Creación do necesario: o deseño do século XX en Galicia, Vigo: Museo de Arte Contemporánea, 26 marzo-5 de setembro.



- Conmemoración do centenario da creación da Cátedra de Pedagogía na Universidad Central, Bartolomé Cossío: Facultade de Ciencias da Educación, novembro 2004.  
[http://busc.usc.es/A\\_Biblioteca/Actividades/Pedagogia/](http://busc.usc.es/A_Biblioteca/Actividades/Pedagogia/)



- María Zambrano, Facultade de Filosofía, decembro 2004
- Douscentos anos do Code Civil des Français na USC: Biblioteca Concepción Arenal 10 de decembro 2004-31 de xaneiro 2005  
[http://busc.usc.es/A\\_Biblioteca/Actividades/Code/codecivil.asp](http://busc.usc.es/A_Biblioteca/Actividades/Code/codecivil.asp)



Mención especial merece a conmemoración do centenario da Biblioteca América obxecto dunha cuidada exposición promovida polo Vicerreitorado de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria e comisariada pola Prof.Dra.Dna. Pilar Cagiao. A conmemoración propiciou á súa vez a posibilidade de restauración de tres dos mástiles das antigas bandeiras americanas e de 31 das medallas da colección da Biblioteca así como das dúas esfeiras, que aínda que non pertencen ao fondo específico de América, están ubicadas nesta sala. A Exposición inaugurouse o 15 de decembro e se mantivo ata o 9 de xaneiro. A conmemoración do centenario deu pé tamén á celebración dunha serie de conferencias e mesas redondas sobre América que se desenvolveron os

venres posteriores á inauguración da mostra e que foron coordinadas polo Prof.Dr.D.José Manuel Díaz de Bustamante.

No marco da conservación e difusión do fondo histórico pode enmarcarse a asinatura dun novo Convenio coa Fundación Cidade da Cultura polo que durante o ano 2005 procederáse á dixitalización do fondo galego de monografías do século XIX. Os traballos comezaron no mes de decembro.

Dentro do Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Santiago e o Banco Santander Central Hispano, este aportou en 2004 a cantidade de 60.000 € para a dixitalización dunha serie de obras da Biblioteca América co obxecto da súa inclusión nos diferentes portais da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

**Anexo I**  
**Estatísticas 2004**



Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela  
Datos estadísticos do ano 2004

	B. Xeral	Bioloxía	Económicas	C.Arenal Dereito	C.Arenal Políticas	C.Arenal RR.LL.	Farmacía	Filoloxía	Int. F., CC.Educ., Psicol.	Filosofía	CC.Educación	Psicoloxía
<b>1. Presuposto</b>												
<b>1.1. Presuposto ordinario Biblioteca "Adquisición libros"</b>												
